



**COMUNICACIÓN SOBRE A VIXENCIA DOS PROTOCOLOS SOBRE
ACTUACIÓN E ORGANIZACIÓN NOS ÓRGANOS XUDICIAIS, E
SOBRE A CELEBRACIÓN DE ACTUACIÓN TELEMÁTICAS, NO
ÁMBITO DO
TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA**

O pleno da Sala de Goberno do TSXG, en sesión do 30 de setembro de 2020, aprobou os seguintes protocolos de actuación no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

- Protocolo de actuación e organización nos órganos xudiciais.
- Protocolo sobre a celebración de actuacións telemáticas.

Ambos os protocolos foron adaptados á Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza, e á Guía de boas prácticas e adopción de medidas de saúde profesional para a prevención de contaxios, en versión actualizada e aprobada pola Comisión Permanente do CXPX en sesión do 8 de outubro de 2020. Esta adaptación foi aprobada pola Sala de Goberno do TSXG, en sesión do 9 de outubro de 2020.

En ambos os protocolos recóllense un conxunto de normas e medidas de carácter organizativo e tecnolóxico que no marco da crise sanitaria pola COVID-19 resultan necesarias para evitar situacións de contaxio, garantindo a distancia de seguridade no desenvolvemento das vistas e audiencias públicas, salvagardando en determinados casos a presencialidade do investigado/a ou acusado/a no ámbito penal ou as exploracións médico forenses, e fomentando medidas para incorporar

as novas tecnoloxías ás actuacións procesuais e, en xeral, ás relacións da cidadanía coa Administración de Xustiza, evitando, na medida do posible, excesivas concentracións nas sedes xudiciais.

O ámbito temporal destas medidas, tal como se recolle nos citados protocolos, axústase ás previsións da Lei 3/2020, do 18 de setembro.

Nos protocolos e na lei fíxanse períodos graduados de vixencia, algúns dos cales xa finalizaron, como os previstos para a tramitación preferente de determinados procedementos, cuxo obxectivo foi procurar unha saída áxil á acumulación dos procedementos suspendidos pola declaración do estado de alarma.

Pola contra, as medidas que pretenden garantir o dereito á saúde tanto da cidadanía como do conxunto do persoal e profesionais do sector da Xustiza están suxeitas a períodos de vixencia máis prolongados, co obxecto de permitir á Administración de Xustiza adaptarse e superar a etapa de nova normalidade que comezou despois do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, e de contar con medidas efectivas contra a COVID-19.

Conforme o disposto na Disposición transitoria segunda da Lei 3/2020, do 18 de setembro:

"As medidas contidas no capítulo III desta Lei serán de aplicación en todo o territorio nacional ata o 20 de xuño de 2021 inclusive. Con todo, se á dita data se mantivese a situación de crise sanitaria, as medidas contidas no citado capítulo III serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo de informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19".

De tal xeito, e coa excepción das normas e regras previstas para a tramitación preferente de determinados procedementos, cuxa vixencia finalizou, a maior parte das medidas que se conteñen nos protocolos manterán a súa vixencia a partir do día 20 de xuño.

I. Medidas que continúan vixentes ata que o Goberno declare a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, ou se aprobe algunha norma legal ou regulamentaria que as deixe sen efecto:

-Celebración de actos procesuais mediante presentación telemática. Farase de acordo co Protocolo sobre a celebración de actuacións telemáticas no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e á Guía para a celebración de actuacións xudiciais telemáticas aprobada polo CXPX o 11 de febreiro de 2021.

-Normas e criterios sobre celebración das actuacións procesuais.

-Normas sobre a utilización das salas de vistas.

-Normas sanitarias no uso dos edificios xudiciais.

-A atención preferente ao público por vía telefónica ou correo electrónico.

-A atención ao público de forma presencial con cita previa.

II. Medida que cesa o día 20 de xuño 2021:

-A posibilidade de repartición da celebración de actos procesuais en horario de mañá e tarde.

Co cal, mantéñense vixentes o Protocolo de actuación e organización nos órganos xudiciais e o Protocolo sobre a celebración de actuacións telemáticas, aprobados polo pleno da Sala de Goberno do TSXG, en sesión do 30 de setembro de 2020, coa condición da medida que cesa o 20 de xuño 2021.

O contido desta comunicación foi aprobado polo pleno da Sala de Goberno do TSXG, en sesión celebrada o 28 de maio de 2021.